



illadas

Galicia conta cun riquísimo patrimonio insular que nos últimos anos se foi abrindo ao público, sumándose á enorme oferta turística da nosa comunidade. Entre ese patrimonio salienta sen dúbida o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, integrado por catro arquipélagos: as Cíes, na ría de Vigo; na de Pontevedra, Ons; e Sálvora e Cortegada na ría de Arousa. Os ecosistemas terrestres e mariños deste parque son unha riqueza a preservar, e a razón de que miles de turistas se acheguen cada ano a visitalos. ■ Pero aínda sendo as Illas Atlánticas as máis coñecidas, Galicia conta con moitas máis ás que, aos poucos, se pode ir accedendo en roteiros organizados, como Tambo, San Simón ou as Sisargas; e outras tamén importantes, xa cunha longa historia, como a illa da Toxa, a illa de Toralla, illa Pancha ou Rúa e Areoso. ■ A colección **illadas** preséntalle ao gran público estes enclaves a través de obras que se realizan da man dun escritor/a e dun ilustrador/a, que, durante unha semana, acoden a unha residencia artística nunha illa. Alí, deixándose levar polo espazo e a súa experiencia, elaboran unha obra na que ilustracións e texto teñen o mesmo peso —cada un fai a súa viaxe persoal—, que logo plasmamos en coidadas edicións. ■ Nesta exposición mostramos o traballo artístico de Pablo Rosendo, para a illa de Ons; Maru Godás, para A Toxa; Marielle Durand, para a illa de Arousa; Tazab, para as Cíes; Federico Granell, para a illa de San Simón; e Branca Escrigas para a illa de Tambo. Aínda quedan moitas illas por explorar e ilustrar, porque en Galicia temos a sorte de ter un infinito patrimonio que tamén chega ata o mar. [Gemma Sesar. COMISARIA]

ilustracións de
pablo rosendo marielle durand
federico granell blanca escrigas
maru godás tazab



illadas

do 5 de XULLO ao 5 de AGOSTO de 2024
PALACETE das MENDOZA
PONTEVEDRA



UNHA PRODUCCIÓN DE EL PATITO EDITORIAL
ILUSTRACIÓN DE PORTADA E CONTRAPORTADA PABLO ROSENDO
ILUSTRACIÓN INTERIOR MARU GODÁS
DESEÑO GRÁFICO FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS


ilustracións de
pablo rosendo
marielle durand
blanca escrigas
federico granell
maru godás
tazab



illadas

ONS AROUSA a TOXA CÍES TAMBO san SIMÓN





Tazab: Praia de Figueiras, illas Cíes

marielle durand

estudou en París e Berlín, onde aprendeu a observar, analizar e recrear a vida e a xente nun caderno. Desde o alto do Rockefeller Center en Nova York, desde os outeiros en Saraievo, desde o medio dun deserto en Alxeria ou desde unha obra en construción en Berlín, a Marielle gústalle presentarlle ao seu público lugares afastados. Despois dunha grave lesión na man dereita en 2015, comezou a experimentar coa esquerda e desde entón seguiu debuxando e pintando con ambas.

tazab

é debuxante, ciclista incansable, médico e músico cando o viño é bo. Atraído polo cómic e a ilustración, enche decontino cadernos de debuxo na rúa, mentres practica o sendeirismo ou viaxa. Na súa equipaxe nunca falta unha pequena caixa de acuarelas, un caderno e uns cantos pinceis. Téñeno visto debuxando sobre esquís, nun ciclomotor, entre os bastidores dun festival de jazz ou nas ventosas rúas de Clermont-Ferrand, onde reside. No ano 2021 publica *Dordogne, da source à l'océan* un caderno de viaxe polo río con debuxos e ilustracións propias.



Marielle Durand: O Carreirón, illa de Arousa

federico granell

estudou Belas Artes en Salamanca, e completou a súa formación en Milán, Londres e Roma. Expuxo en México, Santo Domingo, Buenos Aires, París, Roma ou Riga, e en moitas cidades españolas. Obras súas figuran no Museo de Belas Artes de Asturias, na Colección Masaveu, a Fundación Alvargonzález, Junta General del Principado de Asturias, a Diputación de Cáceres, ou as coleccións El Corte Inglés ou a Circa de Pilar Citoler. Ten no seu haber máis dunha decena de premios e foi seleccionado en numerosos certames nacionais e internacionais. No ano 2020 publica o libro *Las doscientas canciones que vienen al caso*, que recolle parte da obra que desenvolveu nos últimos anos sobre cancións ilustradas.



Federico Granell: Miradoiro de Boca da Ría, illa de San Simón

blanca escrigas


estudou arquitectura, e iso fomentou aínda máis a súa paixón polo espazo urbano, a perspectiva, construíla, deformala... En 2017 participou no proxecto *Camiña/Camiño* de El Patito Editorial, no que, con outras tres ilustradoras, fixo o Camino Portugués da costa co fin de elaborar unha exposición e un libro, o cal se converteu nun grande impulso para consolidar o desexo de seguir por este camiño. En 2019 publicou o conto infantil *Allá en los mares*, ademais de continuar traballando en talleres, exposicións, ilustración editorial e cadernos persoais.



Blanca Escrigas: Illa de Tambo

maru godás

formouse na Escola IDEP e na Escola Superior Llotja de Barcelona. É autora de libros como *Park Güell Journey*, *Suri y yo* ou *Belleza Orgánica*, traducido a cinco idiomas. Actualmente traballa no seu estudio, combinando encargos de pintura e ilustración con libros e proxectos da súa autoría, e coa súa paixón polo ensino, ofrecendo talleres en todo o mundo. O seu estilo, de vibrante colorido, céntrase en capturar escenas naturais e paisaxes urbanas, impregnando as súas obras de vida e movemento. Encántanlle todas as técnicas: tinta chinesa, óleo, acuarela e lapis de cores, aínda que é coñecida polos seus debuxos e talleres con gouache e pintura acrílica.



Maru Godás: Gran Hotel, illa de A Toxa



Pablo Rosendo: Praia de Pereiro, illa de Ons

pablo rosendo

é un ilustrador galego con vinte anos de experiencia profesional e unha infinidade de premios que avalan o seu bo facer. Traballou para empresas, editoriais e entidades, publicou libros infantís e ilustrou máis de cincuenta libros de texto. Algunhas das súas publicacións máis coñecidas son *Sendas de Ons*, de El Patito Editorial; *Cíes e Raque: Operación Reconquista*, de Lobito Bueno; e *Mariña e o balón*, de Xerais. Na actualidade rexenta o seu propio negocio de creación e venda de ilustracións, desde onde continúa afrontándose a cada encargo privado como un novo reto.